

TERRA DE OUTES

Revista TRIMESTRAL

N.º 11 · xullo - setembro 2010

1€



Neste número:

Asociacionismo en Outes
nos tempos da II República

Foro do Lugar
e Casal de Arriba

Outes F.C.

e as nosas seccións habituais...



Entrevista a
Feliciano Vives

Editorial

Resolución da Xunta sobre o PXOM de Outes

A Orde do 21 de abril da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas resolveu:

1.- "Non outorgar a aprobación definitiva ao Plan xeral de ordenación municipal de Outes de acordo co punto 5.b) do artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia".

2.- "O concello deberá elaborar os documentos corrixidos precisos para emendar as deficiencias sinaladas no corpo desta Orde; e os elevará, logo dos trámites oportunos, á Consellería para a súa aprobación definitiva, remitindo ao efecto o expediente administrativo debidamente dilixenciado".

Pola extensión do Decreto (9 páxinas) resulta imposible debullar polo miúdo aquí todos e cada un dos aspectos e cuestionamentos nel redactados, aínda que, facendo un esforzo de síntese, vanse citar algunhas das anomalías detectadas pola Consellería.

A) O Plan non incorpora o Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

B) A desproporción entre a dinámica de edificabilidade contemplada no PXOM evidencia que o Plan non se adapta ás características do territorio.

C) No núcleo da Serra existen bolsas de terreos en posicións relativamente centrais, sendo a capacidade destes baleiros abonda para acoller a demanda de edificabilidade previsible.

D) Segundo os datos do INE do ano 2009 o concello de Outes ten 7.425 habitantes; na capital municipal residen 1.104 persoas. O parque residencial do concello era de 3.681 vivendas no ano 2001 (das cales 893, un 24%, estaban baleiras). A tendencia é regresiva no conxunto do municipio e no núcleo da Ribeira do Freixo, e nos restantes mantense estacionaria.

Sen embargo a memoria do Plan calcula unha edificabilidade máxima de 699.538 metros cadrados no solo urbano e urbanizable delimitado e de 608.429 metros cadrados nos núcleos rurais, o que superaría, sen computar a do solo urbano non delimitado, que a ordenación proposta polo PXOM podería acoller 5.500 novas vivendas.

A falta de espazo impide continuar coas anomalías detectadas no PXOM e descritas pola Consellería, que son moitas e de diversos tipos. Tempos virán para poder continuar.

ÍNDICE

As nosas novas	páxs. 2 e 3
Historia	páxs. 4 e 5
Miscelánea	páx. 6 e 7
Entrevista	páxs. 8 e 9
Deportes	páx. 10
Actualidade	páx. 11
Opinión	páxs. 12, 13 e 14
Páxinas Literarias	páx. 15
Novos artistas	páx. 16
Os papeis de Añón	páx. 16

Director:

Xosé M. Vázquez

Consello de Redacción:

Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Xan F. García, Ramón Blanco

Edita:

A.C.C. Terra de Outes
terradeoutes@gmail.com

Maqueta e imprime:

Grafinoia, S.L.

Voda de Manolo Lores

O pasado 19 de Xuño tivo lugar o enlace do noso socio Manolo Lores "Pelucas" coa súa compañeira Irene, nun lugar tan paradisíaco como é o Pazo do Enxido. A cerimonia civil foi oficiada polo alcalde D. Carlos L. Crespo e tivo como invitado de honra a D. Francisco Caamaño, actual Ministro de Xustiza e amigo do noivo. O evento continuou cunha comida exquisita e rematou cos invitados dándolle á canterea e bailoteo. Todo ben!!

Xastre



JOSEMA

Seguros

Av. Compostela Nº 12 – Baixo 2
15230 Outes - Tlf/Fax. 981 85 06 20
E-mail : segurosjosema@terra.es

Presentación da Revista nº 10

O pasado 10 de abril a nosa Asociación presentou no restaurante F. Vives o nº 10 da súa revista e para a ocasión Xoán Mariño, membro de seu consello de redacción, elaborou un álbum fotográfico que compendia a historia de Terra de Outes e os contidos de todas as súas revistas, ao que puxo música e proxectou mentres os asistentes tomaban os aperitivos que precederon á cea a base de lamprea e paella preparada pola muller de Feliciano e experta cociñeira Mª Digna Campos.



Letras Galegas 2010



O día 22 de maio, para conmemorar as Letras Galegas, a A.C.C. Terra de Outes organizou unha exposición que ata o día 3 de xuño se puido contemplar na Casa da Cultura da Serra sobre unha das personalidades da Xeneración Nós máis destacados, o escritor Vicente Risco, para cuxa inauguración asistiu o secretario da fundación que leva o seu nome e sobriño-neto do insigne ourensán.

A continuación, a que fora directora do colexio da Serra e despois do IES Poeta Añón, a mestra Pili Sampedro, ofreceu unha charla sobre o gran poeta do Caurel, o escritor Uxío Novoneyra, a quen este ano a R. Academia Galega adicou o Día das Letras.

Acto con Barbantia

O venres 28 de maio, en colaboración coa Asociación Barbantia e o concello de Outes, presentamos na Casa da Cultura, diante dun numeroso público que acudiu desde todos os concellos da comarca, o suplemento *A Voz de Barbantia* que publica cada mes *La Voz de Galicia* e a continuación, os libros *O pintor do sombreiro de malvas* e *Settecento*, do escritor Marcos Calveiro, acto ao que asistiron, ademais do autor, o alcalde Carlos L. Crespo, o escritor noiés Xerardo Agrafoxo, Mª Xesús Blanco, en representación de Barbantia, e Xoán X. Mariño, representando á nosa Asociación.



Próximos Actos: Homenaxe ás vítimas do franquismo

O próximo 17 de agosto, día da Galicia Mártir, Terra de Outes homenaxeará, como vén facendo nos últimos anos, ás vítimas do franquismo de Muros e Outes, ao pé do monumento que a nosa Asociación ergueu no lugar do Freixo no que caera abatido polas balas falanxistas o deputado republicano Luis Barrena. No acto esperamos contar coa presenza dun representante dalgunha das múltiples agrupacións empeñadas na recuperación da Memoria Histórica para que exprese o apoio de todos os que loitamos pola dignificación dos mortos e encarcerados pola súa defensa da liberdade ao novamente perseguido polo fascismo, o xuíz Garzón.



O Asociacionismo en Outes nos tempos da Segunda República (I)

Xoán Fco. García Suárez

Ao igual que no resto dos Concellos da nosa comarca, Outes, á altura da II República, vivirá unha etapa de intensa actividade política e social. Trátase dunha época na que xurdiron varias organizacións, sobre todo sindicais e políticas.

As orixes do réxime xurídico dos sindicatos e partidos políticos, aparecen, aínda que de xeito primitivo e limitado no Art. 13 da Constitución de 1813, que recoñece a liberdade de asociación, e a Lei de Asociacións de 30 de xuño de 1887. Sen embargo esta última base legal non outorgaba nada máis que un aire de tolerancia, pois ao estar vixente aínda o Código Penal de 1870, que tipificaba como delictivas as asociacións dirixidas a encarecer o prezo do traballo, realmente os sindicatos estaban á marxe da Lei. Deste xeito, ata a derogación desta normativa, en 1909, o movemento obreiro estivo suxeito ás decisións de calquera gobernante. No período do Directorio de Primo de Rivera (1923-1930), xurdiron multitude de sindicatos e organizacións obreiras, cun funcionamento moito máis limitado ao ser tratados estes como parte da estrutura do Estado, é dicir, endurecendo o seu control. Con este réxime colaboraron destacados socialistas como Largo Caballero (Secretario da UGT).

Realmente, e exceptuando a lei de 28 de xaneiro de 1906, que deu orixe aos Sindicatos Agrícolas (de tradición católica), temos que agardar a que cheguen os anos 1931 e 1932 para unha cobertura xurídica, legal e real dos sindicatos, xa recoñecidos na Constitución de decembro de 1931. Aínda así, cabe sinalar tamén que, precisamente as leis de Largo Caballero (Secretario da UGT) sobre asociacións profesionais (de maio de 1931 e 8 de abril de 1932) marxinaron a un sindicato de gran presenza no Estado naqueles tempos: a CNT -con máis de 800.000 afiliados e afiliadas-, organización que, a pesar diso, non dubidou en dar a cara contra o golpe franquista e organizar a resistencia, como fixera xa contra o golpe de Sanjurjo en 1932.

Tentamos dar neste artigo unha síntese do período aproximado 1931-1936 en Outes, e distinguiremos tres tipos de asociacións: políticas, sindicais e recreativas, que operaban no noso Concello.

1.-ORGANIZACIONES POLÍTICAS.


As fraudulentas eleccións municipais do 14 de abril de 1931, e que lle deran a alcaldía en Outes ao membro do **Partido Radical** de Lerroux, Félix Alconada, suspéndense o 29 dese mesmo mes. Celébranse novas eleccións e, segundo a Acta de Constitución do primeiro Goberno Republicano no Concello de Outes, os **socialistas** contabilizaron entre todos os candidatos 2.085 votos, mentres que os candidatos da ORGA de Casares Quiroga (Organización Republicana

Gallega Autónoma) sumaron en total 1.037. Estes datos deron a conformación dunha corporación dominada por 12 membros socialistas (co alcalde Xesús Martínez Arcos á fronte) e 6 da **ORGA**. Os socialistas e os republicanos da esquerda galeguista de Casares e Vilar Ponte, dominaban o panorama político no noso Concello.

En 1936, o Goberno Civil cesa a corporación municipal e Martínez Arcos é substituído como alcalde por Enrique González Añón (que fora membro da **ORGA**). A composición era a seguinte: 5 membros da **CEDA** de Gil Robles (Confederación Española de Derechas Autónoma), 1 independente, 3 **republicanos independentes**, 5 **radicales**, e 1 de **Unión Republicana** (o alcalde).

A extrema-dereita da **CEDA**, e os conservadores do Partido Radical de Alejandro Lerroux, controlaban o Concello pouco antes do 18 de xullo. **A Falanxe** aparece en setembro dese ano, despois do golpe de Estado, con membros da **CEDA**, entre outros, nas súas filas.

Ademais destas organizacións políticas, estaba a denominada **La Fraternidad. Liga de Amigos**, fundada no lugar do Rego o 13 de decembro de 1927. Aparece nos rexistros como asociación político-social, e foi dirixida por Manuel Torrados Alborés, Antonio Domínguez Fernández e Ramón Molinos Villar (quen aparece en 1936 na Corporación Municipal baixo a alcaldía de Enrique González, o que pode explicar a súa tendencia republicana).





Turismo Rural - Restaurante



CASA DE ROQUE

Samón / San Ourente
15237 Serra de Outes

Tlf. restaurante: 981 850 450
Tlf. alojamiento: 981 851 167
e-mail: info@casaderoque.es
www.casaderoque.es
chamar para reservar mesa

Foro do Lugar e Casal de Arriba (I)

Mingucho Campos

Escritura outorgada o 15 de xullo de 1649 polo abade do mosteiro de Sobrado e o prior do de Toxosoutos aforando a Catalina Martínez, Juan Rodríguez e outros o Lugar e Casal de Arriba, sito no Couto de Vara da parroquia de Outeiro, cun laudemio do 10% (dereito de cobra por parte dos propietarios ao allea-las terras e posesións dadas en enfiteuse, é dicir, en cesión prolongada dun dominio útil mediante o pago anual dun canon).

O documento foral, redactado ao uso, comeza cunha alusión relixiosa (*Yn dei nómine sepan cuantos esta carta de foro vieren...*). Na

sinatura do mesmo actúan, por delegación dos outros claustrais: frei Atilano González, abade de Sobrado e Toxosoutos; o prior deste último, Juan de Castro; ademais dos membros da comunidade relixiosa, Rafael Rodríguez, Marcos Altamirano, Vicente Barreda e Julián de Cabrera; actuando como testemuñas Jacome Fandiño, criado do escriba Alonso Fandiño; Juan Varela e Domingos Ares, veciños da freguesía de S. Pedro da Porta; ademais doutros varios monxes presentes.

A teor do antedito e despois de describir unha serie de condicións para obrigárense as partes a cumprir todos e cada un dos termos do acordo, afórase a Catalina Martínez, viúva de Pedro de Vara; a Juan de Vara (o seu fillo maior), á dona deste, María Romero, e aos demais fillos habidos do matrimonio de Catalina con Pedro de Vara, Domingos, Isabel e Catalina. Tamén se afora a Juan Rodríguez, á súa dona, María Domínguez e aos sogros destes (ausentes), Juan Sernadas e María Domínguez, aos fillos e herdeiros un dos tres lugares e casais sitos no Couto de Vara e coñecidos como **Casal de Arriba**.

DEMARCACIÓN E LÍMITES DO CASAL

“...Que empieza desde la piedra dos Carreiros por los Carris arriba aguas vertientes de una y otra parte hasta dar en las piedras escorridas y al medo de Chans hasta entestar en la piedra de Chans y de alli abajo derecho a la fuente de Belus por el Canle abajo y desde la dicha fuente va hasta dar en la Iglesia y de allí va por el

Pedregal hasta dar en la fuente do Barreiro y de alli al rego de Pereiras...”.

CANON

As cantidades anuais coas que se gravaban os usufrutos dos bens aforados por vida de tres reis, a comezar coa de Felipe IV, eran de sete cargas de centeo e tres e media de trigo a satisfacer cada mes de agosto ou setembro na vila de Noia, repartidas deste xeito:


A Catalina Martínez, Juan de Vara, fillos e herdeiros correspondíalles contribuír con corenta e dous ferrados de centeo e vinte e un de trigo.

Juan Rodríguez e Juan Sernadas debían pagar cada un a mesma cantidade cós anteriores en igual prazo e lugar. Por dito contrato os foreiros comprometíanse igualmente durante o tempo de duración do aforamento a face-las pertencentes reparacións do Lugar e Casal, manténdoo **“labrado y cultivado y perfetado de todos los reparos perfetos y mejoramientos que utiles y necesarios sean y las casas y cubiertas y los muros y heredades serradas y cercundadas todo ello de que vaya en aumento y no vaia en disminución”**.

Se analizamos, inda que sexa superficialmente, o contrato foral temos que cualificalo sen dúbida algunha de oneroso para os foreiros, xa que, ademais de paga-lo

alto canon ou renda anual non tiñan dereito algún a reclama-los **“perfetos y mejoramientos que en el hubieredes hechos y edificados”**, nin hipotecar ou adquirir algunha débeda sobre os bens aforados.

O Lugar e Casal de Arriba foi adquirido por **“escritura de Concordia”** polos mosteiros referidos outorgada perante Pedro Mesura de Caamaño, escriba de número da vila de Noia o catro de marzo de mil seis centos trinta e dous.



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto a ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

GASTRONOMÍA

Congro con chícharos e patacas

Receita de M^a Digna Campos
(restaurante F.Vives)

Ingredientes (para catro persoas) :

Congro. 250 grs. por persoa, aproximadamente

1 kg de patacas

250 grs. de chícharos

1 tomate

1 cebola mediana

2 dentes de allo

Unha póla de pirixel

Pementa branca

Un chorro de viño branco

Aceite

Azafrán

Preparación:

O congo partido en toros, patacas cortadas, chícharos pelados, tomate cortado, cebola, allo e pirixel picados. Ponse todo xunto nunha tarteira cun pouco de pementa, viño, aceite, azafrán e auga. Sálgase, cócese durante 20 minutos e xa se pode servir coa súa salsa.



SAUDEGALIZANDO: TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO DENTE A ATENCIÓN PRIMARIA (III)

Dr. José M^a Dios Diz

O PLAN DE SEGURIDADE :

-Valorar coa muller: facilitar a información dos recursos sociosanitarios dispoñibles en caso de ter que abandonar o domicilio con urxencia. Propoñerlle gardar nun lugar de fácil acceso só coñecido por ela, ou na casa de familiares ou amigos, documentos e efectos persoais que necesitará no caso de que teña que abandonar o domicilio de forma urxente, tanto dela como das/os fillas/os e persoas ao seu cargo. Ter pensado a onde irá no caso de que teña que abandonar o domicilio. Solicitar Orde de Protección.

-Documentos e efectos persoais importantes: documentos persoais da muller e das/os fillas/os: cartilla da Seguridade Social, carné de identidade, tarxeta de residencia ou pasaporte, libro de familia, permiso de conducir. Documentos importantes: seguro do coche, recibos do aluguer da vivenda ou da hipoteca, seguros, diplomas escolares..., escrituras de bens inmobles. Sentenza de divorcio se a houbese, denuncias previas ou outros documentos legais. Medicamentos no caso de tratamentos. Números de teléfono e enderezos de familiares, amigos e institucións de apoio á muller. Roupas e efectos persoais para a muller e as fillas e fillos. Chaves da casa. Cartilla de aforro, talonario de cheques, tarxeta de crédito, diñeiro en metálico. Fotocopia de nómina recente da parella.

A lei orgánica 1/2004, reconece, a tódalas mulleres vítimas da violencia de xénero, a ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA INMEDIATA.

Remitir aos servizos especializados dos concellos: Centro de Información dos dereitos da Muller (CIM), Punto de Información dos dereitos da Muller (PIM), Centro de Información e Asistencia ás Mulleres (CIAM).

Esperamos que todas estas informacións sexan do máximo interese para as persoas que se vexan implicadas nun proceso de violencia de xénero, co fin de poder facilitarlles unha saída o máis satisfactoria posible, dentro do dramatismo da situación.

Teléfonos de interese:

016 (non deixa constancia de que se chamou): Teléfono de Atención a vítimas de malos tratos por violencia de xénero. (24 horas x 365 días).

900 116 016 Para persoas con discapacidade auditiva.

900 400 273 Teléfono da muller. (24 horas x 365 días).

629 777 595 Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero.

902 400 116 Teléfono de atención sanitaria.

900191010 Información as 24 horas para as mulleres.

062: Garda Civil.

091: Policía Nacional.



Rúa Areal s/n - San Ourense
15230 OUTES - A Coruña
Tfno./Fax: 981 850 909
email: juanagra@teleline.es

Foto Antiga: Gaiteiros

Xastre

Visionando de novo esta entrañable fotografía, primeiras décadas do século pasado, non me deixa de asombrar con que soltura e honestidade xuvenil envolta nunha “onda” de romanticismo nestes tempos esquecida, posan os auténticos protagonistas, con ese toque de solemnidade requirida pola propia instantánea, deixando latente a vea artística que leva todo galego dentro. Tamén queda reflectida a precariedade e do mesmo xeito o sentimento que nos apunta a unha sensibilidade tantas veces abnegada por outro tipo de circunstancias, e que neste caso ben podería resaltar añoranzas esquecidas nos recunchos da memoria.

Con que resignación estes trobadores de acordes aéreos case titiriteiros ó son das muiñeiras abrían as ventás ós soños, como fieis axudantes oportunos de mozos e mozas, facendo doce o simple acercamento entre eles.

Tamén sen lugar a dúbidas, elevará ó pensamento risotadas adolescentes, romarías ateigadas na tristura do momento, necesidades sen satisfacer e que dalgún modo a música acompañada polo tamboril, bombo e gaita farán de terapia colectiva para así esquecer por breves intres as miserias cotiás, dándolle outro sentido tamén inesquecible ás súas propias vidas. É de lei agradecerlles a todas esas xentes, Os Airiños de San Campio, Os Breas, Os Rúa (caso desta foto), e tantos máis, curandeiros de angustias sufridas pola ausencia dos cercanos, perpetuadas nos ventos da doente morriña, tantas veces sentida na lonxanía do lar.

Agora, nestes tempos de apuro e disimulo tan patético ás veces, transfire tranquilidade e sosego mirar atentamente para unha fotografía como esta, pois eles si que eran auténticos, sinal de orgullo e referente sociolóxico nestes días modernos do absurdo. Vai por eles.



Evocacións: José “O Anano”

José “O Anano” foi un personaxe moi coñecido na Serra. A súa talla era inversamente proporcional á cantidade de Ribeiro que podía almacenar aquel “metrotrinta” escaso.

Vivía na Barreira e case a diario baixaba á Serra, máis que nada para encher o “depósito”. Un deses días, de volta xa para a casa, traioárono o seus reflexos mermados pola súa idade e, como non, por aquelas “maisdecatro” cuncas de viño. O caso foi que, á altura



da gasolineira quixo cruzar de beirarrúa e... ¡¡PAMBA!! foi abatido por un coche, deixando ao *probe* José tumbado no asfalto nun estado inconsciente, cáseque moribundo. Foi auxiliado en primeira instancia pola xente do bar Estación e o persoal da gasolineira, que, vendo o seu preocupante estado reclamou asistencia sanitaria. O galeno que chegou ao lugar, unha vez feito un primeiro recoñecemento, descartou os servizos da ambulancia, dando aviso a un helicóptero, pois ao seu parecer, José “o Anano” estaba bastante tocado.

Non tardou en oírse ao lonxe o “tocotocotoco” do ruído das hélices e do motor do helicóptero que pouco a pouco se ía achegando e, unha vez que xa o ruído do aparato enxordecía, como se se pulsara un resorte cun *muelle*, José incorporouse e exclamou, ante o asombro do doutor e do resto de curiosos... ¡¡EU NO PAXARO NON VOU!!...

Manuel Lores “Pelucas”

A Política

No ano 1979, cando tiveron lugar as primeiras eleccións municipais, promoveu xunto cuns amigos unha candidatura independente que conseguiu cinco asentos naquela inaugural corporación da Democracia.

Catro anos despois, integrado xa na Coalición Popular, a onde tamén viñera parar o entón alcalde Gonzalo Pérez Villaverde, que acababa de deixar a UCD, foron 13 os concelleiros conseguidos, repartíndose os outros catro restantes entre o PGI de Juan Mallo e Zubiela e o PSOE, representado polo veterano Belarmino e un mestre de Cando, ambos os dous xa mortos.

Durante o mandato desta corporación ocupou o posto de tenente de alcalde. Nesta etapa foi cando se fixo a moderna ponte de Ceilán sobre o Tambre e mais o Centro de Saúde, que conseguiu traer para A Serra a través da súa amizade co entón Conselleiro de Sanidade, Hernández Cochón.

Sen embargo, as súas boas relacións co goberno municipal remataron abruptamente por culpa dunha obra que lle afectaba e para a cal o máximo mandatario dera un permiso, que pola súa parte considerou irregular.

Nas seguintes eleccións, en 1987, coa coalición, xa rota, Feliciano Vives presentouse nas listas de Alianza Popular, polas que logrou saír novamente elixido, pero nestes últimos catro anos como concelleiro a súa actividade foi minguando ata deixar a política completamente cando Gonzalo Pérez, en 1991, volveu ás ringleiras do que para entón era xa o Partido Popular.



Entrevista a Feliciano Vives

Feliciano Vives é o propietario do máis emblemático hostel-restaurant da Serra. Polo seu local pasaron e seguen a pasar distinguidas personalidades. Durante uns anos foi concelleiro na corporación municipal de Outes e na actualidade é o presidente da Peña Deportivista *Río Tines*, pero sobre todo é un home que mantén, por riba de política ou as rivalidades futbolísticas, relación amistosa e incluso servicial con toda a veciñanza.

Cales foron os inicios da Casa?

A casa fundouna o meu avó, natural de Denia (Alicante), que chegara a comezos do s. XX a Outes para montar a fábrica de madeira que *O Seco* tiña en Vista Alegre. En 1905 casou coa miña avoa e montaron unha taberna que nos seus comezos estaba situada na Serra de Abaixo, no edificio que logo ocupou o *Bar Gaito*, ata que en 1914 se trasladou ao actual local.

E co traslado houbo algúns cambios, non?

Ademais de taberna xa había tamén ultramarinos; aquí vendíanse as famosas *galletas de Muros*, unhas galletas duras para os mariñeiros que aguantaban moito tempo. Ademais vendíase gas e carburo ou petróleo para quen non tiña electricidade. Máis adiante, xa morto o meu avó no ano 1927, tamén se instalou unha pequena gasoleira, a primeira que houbo na Serra, que funcionou ata o ano 1974, cando, unha vez inservible, abandonouse para pasar a propiedade de Paulino Vidal, onde agora está.

Tamén unha fonda moi concorrida.

Si, abriuse unha fonda para viaxeiros A afabilidade con que a miña avoa e a miña nai trataban aos clientes, así como a confianza que lle facían sentir tanto ás familias pudentes como as humildes mulleres de Muros e Noia que viñan con peixe e patacas para vender na feira, fixo que os viaxantes chegaran en tal número que por veces había que instalar catres tras cortinas nos corredores. No ano 56 fíxose unha casa enriba da zapatería con lavabos nas habitacións, os primeiros que houbo na Serra. O agradecemento polo trato que todo o mundo nos facía sentir e o cariño que



algún nos amosaban era o que máis nos enchía de orgullo.

Cóntanos agora como era o ambiente no restaurante.

Antes a feira dáballe moita vida á casa; a afluencia de xente de todas partes á Serra era enorme: ese día vendíase un becerro de 150 kgs. en racións e grandes cantidades de callos. Con iso gañábanse os beneficios do mes enteiro. Incluso moitos bancos estaban esperando á feira para cobrar. Houbo que agrandar o comedor, a onde viña comer Alfonso Molina, despois alcalde da Coruña, cando traballou como enxeñeiro nas estradas que se estaban facendo pola comarca e, logo, no ano 1964 o negocio ampliouse cun espazo para banquetes de vodas.



E a cociña foi collendo renome.

Despois de casar con M^a Digna Campos, de Entíns, xa pasamos a facer pratos máis elaborados que foron adquirindo sona. Moita xente empezou a vir a comer a propósito ao noso restaurante. Por aquí pasaron personalidades como Luis Álvarez Carracedo, xeneral de división, membro do Estado Maior da Defensa, Antonio Chaves, pai do actual vicepresidente do goberno, Jaime Barra Alcántara, xefe do cuarto militar do Rei, Felix Carrasco Lanzós, capitán xeneral da VIII Rexión militar con sé na Coruña, a popular cantante Marujita Díaz, algúns toureiros como Andrés Vázquez, Felix López *El Regio* ou Roberto Domínguez e Xosé M. Beiras, que durante anos foi o portavoz do BNG no parlamento de Galicia, tamén vén con moita frecuencia.

A Peña Deportivista

Actualmente Feliciano Vives é o presidente da Peña Deportivista *Río Tines*, que se constituíu en Outes no ano 1998 e téñ o seu local social precisamente no Restaurante que el mesmo rexenta. Ao acto de inauguración asistiu Augusto C. Lendoiro, quen, nun xesto moi emotivo, agasallou cun bandeirín do clube á nena Cristina Pedrosa, unha das integrantes da Peña máis queridas por todos. O presidente do Deportivo da Coruña, volveu a Outes, xunto co directivo Sánchez Dopico, cando se organizou no Pazo do Tambre a comida que puxo fin ao encontro de peñas deportivistas que tivo lugar hai un par de anos en Noia.

A Peña *Río Tines* chegou a ter 50 socios no ano 2000, cando se fixo unha comida en Sta. Lucía á cal asistiron 95 persoas, entre membros e simpatizantes e enchía autobuses de afeccionados para ir ver e gozar vibrantes vitorias da equipa en Riazor sobre Real Madrid e Barcelona. En ocasións as viaxes organizábanse coa saída xa de mañanciña para antes dos partidos tomar os callos na feira de Laracha ou os viños pola rúa coruñesa da Estrela, para logo ir comer todos xuntos pola Mariña.

Na actualidade a Peña ten 25 socios, entre os que se encontran personalidades de Outes tan coñecidas como Pepe de Luna, Severino da Areosa, Pepe Corres, Marujita Tuñas, Campaneiro, Pepe Cereixo, Pocholo Outón, Pepe do Viro, Paco de Tomasiño e incluso noíeses como Pablo Nimo, que durante unha tempada foi tamén presidente da Peña.



Outes F.C.

Carlos Romero

Corría o mes de febreiro do 2009, xuntanza entre amigos. Case de casualidade, xorde a idea de retomar o equipo de fútbol da localidade. Con Enrique Fornís como principal impulsor, vanse dando os primeiros pasos. Sucédense as xuntanzas, das cales van saíndo os posibles directivos.

Xa no mes de Maio establecéronse os primeiros contactos co Concello para ver con que apoio se contaba dende a Casa Consistorial. A primeira reunión sería con representantes do Concello foi o primeiro de xuño, da cal se sacaron conclusións moi positivas. O apoio institucional era moi importante na arrancada.

Mentres se sucedían as reunións cuns e outros, os primeiros trámites para constituír o OUTES F.C. ían tomando forma. Alta do clube no rexistro de asociacións da Xunta, alta en Facenda, alta Federativa, e demais papeleo. Por outro lado a busca de xogadores, adestradores e axudantes levábase a cabo con axilidade.

A finais de xuño comeza o Torneo de Fútbol 7 que poñía o inicio oficial dos eventos Outes F.C. Ó mesmo tempo comeza o duro labor de buscar apoio de socios e casas comerciais, encontrando unha grande acollida, da que dan fe os máis de 500 socios e colaboradores cos que conta actualmente o clube.

En Agosto comeza a pretemporada e o Outes F.C. preséntase cun amplo cadro e tres equipos en liza: Afeccionados, Xuvenís e Cadetes. Con Juan Manuel Díaz como adestrador de Senior e Xuvenís, e Claudino Caamaño ó mando do equipo Cadete, deu comezo a temporada alá polo mes de setembro. O equipo de Afeccionados competiu en 3ª autonómica grupo 5, os Xuvenís en 1ª provincial grupo 3 e Cadetes en 2ª Provincial grupo 3.

Os resultados deportivos non deixan lugar á dúbida e dá conta do bo traballo realizado polos respectivos adestradores e os seus axudantes, logrando o sexto posto en cada un dos campionatos. E se o resultado deportivo foi bo, mencionar o apoio co que contou o equipo en todo momento, rexistrándose entradas no Municipal do Conchido de ata 400 persoas. Un apoio que se fixo sentir no equipo e logrou levar en *volandas* ós xogadores, facendo a ledicia de equipos que se desprazaban a xogar á Serra.

A mediados do mes de xuño do 2010 está previsto realizar a Asemblea de Socios onde se dará conta dos resultados deportivos e económicos á masa social do clube.






CASA AMANDA
RESTAURANTE II PENSIÓN
APARTAMENTOS TURÍSTICOS
(Fechamos os domingos)

Rúa da Capela, 7
☎ 981 850 180

SERRA DE OUTES (A Coruña)

Parabéns, Aarón!!!

É gratificante saber que temos un “crack” dándolle caña a un monopraza, que vai levando o nome de Outes aló por onde pasa, deixando ademais, impronta coas vitorias, sempre agradecido, gozando en base ao esforzo e bo facer. Oxalá manexes os teus soños con destreza ca que nos estás acostumando. Sorte!!.



A economía e o fútbol

Kiko Vidal

Hai uns días, os xornais publicaban que os xogadores de fútbol españois serían os que máis cobraban por primas para o caso que gañaran o mundial. Esta nova coincidía no tempo con outras que anunciaban fortes recortes no gasto público, incluíndo a baixada de soldo dos empregados do sector público a a prohibición dos Concellos de concertar novos créditos. Curiosamente, non vin ningunha crítica nos xornais a esta curiosa coincidencia.

Se podemos pagarlles máis que ningún outro país aos nosos representantes no nobre deporte do balón, sería lóxico pensar na boa saúde económica do negocio do balompé fronte a outros sectores económicos. Nembargantes, moitos clubs de fútbol de primeiro nivel encóntranse en situación concursal, e outros teñen máis embargos que goles marcarán en toda a súa andadura.

A única explicación é que en España poden pasar as cousas máis raras, pois sen ir mais alá, o presidente dos empresarios españois, interlocutor da patronal ante o goberno, ten as súas empresas en quebra. Tamén pasan, e teñen pasado, cousas raras na Arxentina, que para iso é o segundo país que máis primas lles pagaría aos seus xogadores no caso de que gañaran o mundial.

¿E que di Zapatero? Depende do día, hoxe branco, mañá negro. Vese que está superado, soamente o salva o pouco gancho do seu rival político... Como anda tan liado non pensa no fútbol, pero se cadra pensa nas patadas que lle van dar. As cousas andan tan mal como feo é Lendoiro. Non somos

Grecia, empéñanse en asegurar, pero mentres tanto, a prima de risco da nosa débeda aumenta día tras día, o que equivale a dicir que perdemos respecto internacional, o cal é unha cousa grave e de efectos impredecibles, pois dificulta e encarece o endebedamento tan necesario para financiar o noso déficit. Polo menos os presidentes dos clubs de fútbol saben tomar decisións sabias, como é a de ter un adestrador ao que lle botar as culpas cando as cousas marchan mal. Se eu fora asesor de Zapatero recomendaríalle nomear un adestrador do goberno, para así podelo despedir cada vez que marchen mal

as cousas; é dicir, nestes tempos, tódolos días.

Non sabemos cara onde vamos. Ben, o anterior é unha afirmación falsa, vamos para Sudáfrica xogar o mundial. Recemos para que veñan para a casa na primeira eliminatoria, pois noutro caso teremos que recortar máis os nosos salarios para que se lle poidan pagar as primas aos xogadores.

Os políticos, para salvar o cú, poñen en marcha medidas de recorte de gasto que inclúen rebaixas nos seus soldos,

pero ao mesmo tempo toman decisións moi raras, como é a de ir ver un partido a outra cidade en avión e ao mesmo tempo mandar por estrada o seu coche oficial para que o traslade do aeroporto ao campo. Que lle imos facer, o fútbol é fútbol e o demais son contos.

En fin, que España gañe o Mundial e a min que tamén me dean prima, e por suposto, ¡eleccións xa! no Barcelona.



Depuradora de Mariscos

RAMAIS

Fco. Rama Vázquez

O Freixo - OUTES

Móbil: 630 43 43 81 - Part.: 981 76 50 92

Retales da Educación

Juana Blanco

Educación: É o proceso multidireccional mediante o cal se transmiten coñecementos, valores, costumes e formas de actuar. A educación non só se produce a través da palabra: está presente en todas as nosas accións, sentimentos e actitudes. A educación compártese entre as persoas por medio das nosas ideas, cultura, coñecementos, etc. respectando sempre aos demais; por iso esta non sempre se dá na aula.

Comunidade Educativa: é o conxunto de persoas que inflúen e son afectadas por un entorno educativo. Se se trata dunha escola, esta fórmase polos alumnos, ex-alumnos, docentes, directivos, pais, benefactores da escola e veciños. Encárgase de promover actividades que leven ao melloramento da calidade da educación e lograr o benestar dos estudantes. É o colectivo de elementos persoais que interveñen nun proxecto educativo; máis concretamente, profesores e alumnos como elementos primarios, e os pais, como elementos moi directamente interesados.

Partindo destes dous conceptos descritivos do que debe ser a educación escolar de tódolos nenos/as e despois dalgún tempo observando os centros educativos de Outes, vexamos algúns “retales” sobre a educación escolar que reciben os nenos/as de Outes.

Comezarei polo colexio Emilio Navasquies, que por ser o máis pequeno non é o que menos problemas ten. Coa instauración da xornada única, entre as horas lectivas e as actividades extraescolares, son os nenos/as de toda a comunidade educativa que pasa máis tempo no colexio; *menos mal que non ten comedor, porque se non algún só aparecería na casa para durmir.*

Como en calquera tipo de convivencia, entre o persoal docente sempre xorde alguna discordancia, aínda que neste colexio

minguaron considerablemente dende que o profesor aspirante a alcalde *decidiu* cambiar de centro e ata o de agora reina a paz no colectivo do profesorado, o cal, a diferenza doutros, este está formado por **un só grupo** liderado, como na maioría dos centros, por un autoritario director, onde as súas ideas prevalecen por riba de calquera sentido común.

Pero así como a marcha dun profesor lle deu ao colexio aires de paz, esta viuse enturbiada co último cambio de directiva da ANPA, que pretendendo mellorar as condicións do alumnado, sobre todo dos máis cativos do centro, só conseguiu que o inspector de educación lle dese ao profesorado a orde de cumprir estritamente o que di a lei sobre o que as relacións persoais entre profesor e alumno se refire; é dicir, a ANPA pretendía que o profesor/a axudase aos nenos/as de infantil na súa hixiene persoal, e incluso se era necesario mudalos de roupa, pero o que conseguiron é que o profesor/a non lle teña nin que limpar os mocos a un neno/a de tres anos.

En fin, isto é o que consegue un grupo de pais/nais (mariñeiros, amas de casa, albaneis, dependentas, etc.), que por non saber interpretar as leis e tentando mellorar a educación dos seus fillos/as, só conseguen que unha vez máis os profesores gañen o mesmo facendo menos.

No CEIP Serra de Outes, os pais e nais participan na educación dos seus fillos/as, pero de portais para fóra, porque para iso estivo o director do colexio loitando co concello todo o curso pasado para que se arranzaran as pechaduras dos portais do colexio e se instalara un timbre, que só funciona nas fins de semana, que é cando están pechados os portais, posto que pola semana pode entrar todo can e gato canto hai a facer as súas necesidades nos xardíns onde xogan os nenos/as. Se gastase a metade de tempo e esforzo en revisar as liñas de autobús, non farían falta 9 autobuses para 200 nenos/as, e non terían que ser os propios pais os que chamen á consellería para anular a dobraxe dun autobús que deixaba os nenos/as, incluídos os de tres anos, case media hora antes de que soara o timbre do colexio e sen ningún tipo de vixilancia.

Os nenos/as poden xogar no patio, pero cada ciclo na súa parte do patio. O patio cuberto é de uso exclusivo para o segundo e terceiro ciclo, chova ou quente sol. Á biblioteca só poden acudir os nenos/as a gozar dunha agradable lectura; os que queiran adiantar os deberes ou repasar para o exame, téñeno que facer sentados no chan do patio.

Os arranxos do centro que lle afectan aos nenos/as, como en palacio van despacio, que rompe un cristal das duchas no ximnasio, como eles non son os que se duchan nin os que pasan frío, non hai prisa por arranxalo; o falso teito dos baños tampouco ten demasiada importancia, e os baños de infantil debe ser que os nenos/as non son escrupulosos/as e entón mellor deixalos así. Pero cando é o “hábitat” do profesor/a o que se ve afectado pónense tódolos medios necesarios para solucionar, por iso os baños de dirección están todos reformados, baldosas, inodoro, lavabo e ata as portas, *“quedaron la mar de chulos, noviños do trinque”*, aínda que como en todo o colexio a limpeza brilla pola súa ausencia, desloquen un pouco con suciedade. Acaso a consellería de educación non verá máis necesario o arranxo duns baños por onde pasan diariamente 200 nenos/as que outros que só usan 21 profesores/as, ou tamén pode ser que o equipo directivo non vexa necesarios este arranxo (como tantas outras cousas) e non faga nada por subsanar estas deficiencias.

O comedor escolar: É o único sitio e momento do día onde todos os ciclos, excepto infantil, se “mezclan”, e non hai problema ningún en que un neno de primeiro se sente ao lado dunha nena de sexto, ou un neno de quinto comparta mesa con nenas de segundo e cuarto; pero débeno facer en silencio (esta é unha palabra que os nenos/as non



Colexio da Serra



MOTONÁUTICA MOLINOS

Rúa Vista Alegre, s/n - 15400 OUI - 36 01 61
+34 986 86 11 11 (4 Canais)
e-mail: motomolinos@hotmail.com

UNICELLIPS • MOTOS • PORTABORDOS • MOLINOS • R • S • ULTRALIG • DOPIAS • CORTACAPAS






entenden, porque a eles mándanos calar a golpe de silbato e golpes, pero mentres eles comen, o equipo directivo comparte as anécdotas do día).

O posto de vixilancia no comedor, é un posto remunerado, que ata hai un tempo os profesores voluntariamente ían rotando, pero agora só é ocupado por dúas profesoras e o director.

A ANPA apoia ao equipo directivo nas peticións ao concello ou a consellería de educación para mellorar o benestar do centro (máis concretamente o do profesorado). Pero cando é a ANPA a que lle eleva as queixas dos pais, o equipo directivo non sempre as colle de bo grado e créndolas innecesarias, non fai nada por conseguilas. Tamén pode ser que esta asociación non saiba levar a cabo as súas propostas polo camiño axeitado. Pero que cabe esperar dun grupo de pais e nais que simplemente está para organizar as actividades extraescolares, cada quen que saque as castañas do lume como poida, que eles a río revoltos lavan as mans e póñense do lado de quen manda, como pasou, cando os pais cansos de tanta intolerancia fixeron algo de barullo, isto repercutiu nos nenos/as quedando sen festivais e sen excursións, pero que culpa terán eles de ter uns pais gustosos de participar na súa educación, tentar ser unha comunidade educativa aberta.

Se nos vamos outra vez ao colexio Emilio Navasqües, veremos a **un só** grupo de profesores/as involucrados na educación dos nenos/as, e facéndoos partícipes de múltiples obradoiros e actividades lúdico-educativas; así é como conseguiron dous premios á innovación educativa. Son os mesmos profesores quen imparten a actividade de



Colexio de Roo

teatro como actividade escolar ao longo do curso, e así organizar os festivais aos que acoden os pais a ver os seus fillos, sacarles fotos je ata gravalos en video!

E en carnavais organizan unha gran festa de disfraces na que tamén poden acudir os pais/nais e gozar todos xuntos dunha gran festa degustando os doces típicos desta datas. E no CEIP da Serra, este ano por mor do enfado que aínda teñen, os nenos/as non puideron lucir os seus disfraces no pasarrúas que acostumaban facer tódolos anos.

Pero nun colexio con menos de 100 alumnos/as, non pensesdes que acadan un mellor nivel académico, posto que a maioría deles precisa de clases particulares, pero os pais deben ter moito tino e escoller a mellor academia, posto que se non algún *teacher* pode cambiar a actitude co respecto ao neno/a en cuestión, ata incluso repercutir na avaliación dos seus coñecementos.

Pero estes dous centros teñen algo en común, uns conserxes que dependen laboralmente do concello pero funcionalmente do director do centro, por iso están máis pendentes de ter aos directores ben atendidos que de facer o mantemento das instalacións do colexio.

E no instituto, iso é un querer e non poder, *un amor non correspondido*.

Os profesores e sobre todo o director intentan levar a cabo todo tipo de actividades con nenos/as, pero os *pollitos* pasaron da idade do pavo e xa non están polo labor. E os pais menos involucrados que nada, na educación dos seus fillos/as, posto que nin sequera formaron un ANPA, aínda que namais sexa para apoiar a un equipo directivo e profesorado falto de medios para loitar contra tanto pasotismo por parte do alumnado.

Pero por outra banda, neste centro tamén é onde se forman grandes empresarios que andan na procura de novos socios para o seu negocio.

O que non crea estas palabras, que o comprobe, o que se sinta ofendido, que faga exame de conciencia e a quen xa o sabía, que faga algo por cambiálo.

NOTA DA REDACCIÓN

As afirmacións expresadas no presente artigo son da exclusiva opinión da súa autora e non necesariamente compartidas polo consello de redacción desta revista.

A SACHADORA

TEXTOS: Manolo Lopez
DEBUXOS: X. Mariño



OPINIÓN

Entérate, hai que dicilo??

No anterior n.º 6 desta revista xa tratáramos o tema do “PXOM de Outes”, e nesta temos que volver porque parece que hai novidades ó respecto, aínda que por outro lado parece que ninguén está ó tanto das circunstancias actuais, e meto no medio a AA.VV. San Pedro de Outes, pois xa debería ter tomado a iniciativa e propoñer unha reunión explicativa coa avogada á fronte, pois non todo é festas e cemiterio!! (A ver se para cando saía a revista cambiou este parecer).

Ben, pois parece ser que a Xunta dende a Consellería de Medio Ambiente cun pouco de cordura... o pasado 20 de abril non lle deu o visto bo ó PXOM de Outes, relatándolle os puntos que debería cambiar, seguindo así un procedemento técnico-administrativo longo, custoso e volta a empezar... para despois ter que aprobar de novo no Pleno e remitirlllo á Xunta para a súa avaliación e posterior aprobación se procederá no seu caso... Pero mentres tanto, dada esta situación, todo o referente ó urbanismo e ó seu ámbito de actuación volve estar baixo os efectos das normas subsidiarias do Plan Vello e disto hai que informar ó cidadán, pois temos ese dereito, ou non??

Por outro lado este tropezo non é un caso illado, pois a maioría son rexeitados para así corrixir aspectos desorbitados, como pode ser a demasiada construción, ou as estradas de 16 ou 18 metros de ancho... pero que vai ser isto?? No caso de Outes faltoulle un pouco de reflexión á hora de cociñar o plan, era demasiado desproporcionado, antisocial como todos, pouco adecuado ás circunstancias reais do concello, algo apurado, como o caso do polígono industrial, agora que están as naves ciscadas polos montes e leiras ó longo do territorio, como moitas cousas, tarde mal e arrastro..., a tapar o vulto!!

Tamén é moi triste que se lle pregunte a un concelleiro da oposición que no seu día votou a favor do proxecto e que conteste cun “eu non sei nada diso”. En fin, sen dicir nada xa falou de máis... e así lles vai, sen posibilidade de mellora a longo prazo...

Entretanto as autoridades locais... caladiñas... pois en boca pechada non entran moscas nin sae a información necesaria de obrigado coñecemento para os cidadáns, por ética, pois canto máis ignorantes mellor, pero xa foron tempos, Manueliño!!... Como quedará o proxecto do tanatorio a día de hoxe?... anulado?... pendente?... Os terreos de quen son?... Hai moito que explicar e coa máxima claridade... O caserío restaurado de San Cosme quedará “presioso”... pero a que custo?... e coma isto moitas cuestións... pero xa teremos tempo de estendernos noutro número... pois hai que dicilo!!

Lusco e Fusco

ASÍ SI



As beirarrúas. Asignatura pendente. Está ben ir amañándoas sen demora.

ASÍ NON

Antena diabólica no medio do casco urbano. Buscarlle nova ubicación antes de que sexa demasiado tarde. Por unha saúde responsable.



ASÍ TAMPOUCO



Que forma tan chamativa de entrar nunha vila!!... Non hai ollos??... Non hai vergonza??

Lecturas recomendadas

Pilar Sampedro Martínez

UNHA OBRA ESPERA POR TI

Cando se trata de poesía, ao lado da frase “hai un libro esperando por ti nalgún lugar”, teríamos que falar de que hai unha obra agardando a que a atopemos para descubrir a maxia das palabras, os mundos que poden crear e as descubertas que poden facernos.

Porque as lecturas deben modificarnos, teñen que producir un efecto transformador de maneira que saiamos do libro de diferente xeito a como entramos, sentindo distinto, atopando novas verdades, tropezando con algo que descoñecíamos sobre nós ou a esencia do ser humano.

Hai libros así, dos que lembramos un antes e un despois.

Hai autores cos que sofres unha verdadeira convulsión que cambia a túa percepción do que é a poesía... Un deles é Novoneyra, o escritor ao que se homenaxea este ano; unha razón máis para recomendar a súa lectura, na seguranza de que accederán a unha obra que non deixará a ningún indiferente.

Poemas verso como “De tanto calar xa falo eu solo” ou “Nunca fun como te amo” son catas que nos mostran unha obra de gran profundidade, para ler e logo debullar, remoer, darlle voltas ata o punto de poder servir de espita para crear unha reflexión en torno a cada un deles. Poemas para ler en voz alta, tal e como facía o seu autor, buscándolle a maneira máis acaída de dicilos, coa velocidade que lle corresponde, o ton, e os silencios cos que acompañar as palabras.

Comezar por *Os Eidos* adentrándonos no Courel, na dimensión cósmica da natureza, na existencial do individuo e tamén na comunal da familia tribo que como elos dunha cadea conducen o pasado cara ao futuro. Entrar no tempo longo que vai máis alá da Historia, no tempo cíclico da terra que sementa e colleita, no tempo atmosférico da neve, a chuvia ou a néboa... transmitindo as sensacións que tantos antes de nós sentiron, as emocións que recoñecemos nas palabras de Novoneyra. Traspasar o albor e descubrir como o habitual ten a capacidade de ser distinto ou o permanente instantáneo, como se pode salvar a distancia que separa ao home do resto do mundo, pero sobre todo como admitir a nosa finitude, a medida da nosa existencia mentres acompañamos ao poeta que atopou a chave dese reino e trae a terra ao primeiro plano. A poesía como voz da Terra. O encontro coa Terra onde fixar a mirada. Escribía Novoneyra: “Cada vez



pásmome máis de aquel estado de *Os Eidos*. (...) A experiencia de cómo dei coel e me instalei naquel mundo, e conseguín que aquel mundo me colmase”. Así, tamén nós podemos entrar nese espazo do imaxinario e deixar que nos impregne ata cambiar a mirada, ver a relación individuo-natureza na xusta dimensión e movernos polo imaxinario dunha ecoloxía natural baseada nun respecto que sae de dentro, que nos dita algo moi remoto que agora nos fala ao ouvido. Son estes, poemas que tocan as cordas da nosa sensibilidade, poemas para ler no silencio ou para berrar percorrendo as terras altas onde é aínda máis verdade todo o que o poeta escribe. Porque tal como dicía o poeta: “Os eidos son os sitios da terra que poden nomearse nun microtopónimo, que poden identificarse cun nome. Tamén pode dicirse eidos dos lugares íntimos, os máis convividos, dos que se ten longa experiencia, hábito de longa presenza, os que un leva estampados dentro”. Uns eidos que compartimos xeográfica e poeticamente.

Este libro escrito e reescrito unha e outra vez demostraranos que hai clásicos aos que lles chega con publicar un libro aos vinte e cinco anos para atopar a súa voz no mundo e situar a nosa literatura no lugar de onde nunca debeu ter saído.

Podemos seguir con *Tempo de elegía* ou *Poemas da doada certeza*, pero non poderemos perder a poesía amorosa de *Muller pra lonxe* nin a comprometida de *Do Courel a Compostela*. Unha poesía de amor que recolle o erotismo e mantén os sentimentos de soidade e desamparo que aínda nese estado de graza non desaparece, a pesar de que amor e amizade son -para Novoneyra- garantes da esperanza. Unha poesía de denuncia que se adianta ao seu tempo e continúa en vixencia, un berro que ten algo de pregaría e laio, de afirmación por Galicia e polo home. “Este poema é para lelo de pé”, dicía o poeta cando recitaba o “Vietnam canto” ou “Letanía de Galicia”, poesía que ergue a quen a le e a quen a escoita; verdadeiros himnos. Son os tempos do verso longo.

Diferentes rexistros deste poeta que se di oral pola música que o acompaña pero tamén visual pola disposición dos versos no papel ou os caligramas e caligrafías que utiliza. Poeta de poetas, poeta de músicos, poeta de artistas e poeta de filósofos, pois todos eles atopan nel a fonte do Carabel que dá xusto o que un pode beber.

Un poeta para ler neste e nos anos que han de vir, porque unha vez que chegan a nós os seus libros fano para quedarse.

POEMAS

Ao noso poeta Añón

Se coma naquel Sainete
Añón puidese baixar
e as falsías deste mundo
nos viñese a comentar.

Nin Xunta nin Ministerio
Nin Concello nin Empresa
consideran que ese libro
a todos nós interesa.

Como pode a xente nova
coñecer o seu talento?
Como facer que a súa voz
non sexa folla no vento?

Pois facer xustiza a Añón
é cousa de poucos cartos
e por aforrar en versos
non imos morrer máis fartos.

Se como a Curros Enríquez
no tren dos sete pecados
os vicios do noso tempo
mostrase Añón debullados.

O libro dos seus poemas
en boa recompilación
pois vai alá máis dun século
sen lle facer edición.

O gran mestre que inspirou
a Pondal e Rosalía
non pode ser esquecido
por falta de valentía.

E digo eu que se en Outes
se lle ten tan alta estima,
ben se lle debe esa honra
de dar á luz a súa rima.

Seguro que se mofase
con retranca e picardía
de que ningún sexa quen
de reeditar a súa poesía.

Non é de lei que aínda hoxe
poemas de tanta valía,
non podamos atopalos
en ningunha librería.

Todo aquel que teña a obriga
de velar este currunchito
que así o faga con carraxe
e non coma un sapocuncho.

E procurar que os escritos
do ilustre vate de Boel
volvendo a ser lidos logren
que xamais se esquezan del.

AVELINO ALBORÉS GOSENDE

A Galiza (de Añón) por sempre renegada (II)

Ramón Blanco

Quedabamos no anterior capítulo coa auga sevillana nos beizos, sen saber que o noso negro destino quería levarnos precisamente en viaxe a Sevilla (durante a prescindíbel feira de abril, data pouco recomendábel para quen, coma nós, sinta horror ante a España de “charanga y pandereta”), e que regresariamos ao querido currunchó vía Portugal, deixando atrás Badajoz (Castelao por sempre desterrado). Entre as notas que nos quedarán no tinteiro e mais as novas impresións do periplo sevillano-portugués, seguimos compoñendo este repaso pola Galiza renegada; e escribimos este artigo en Gondomar, vila da que fora conde Diego Sarmiento de Acuña, quen, nunha carta de 1614, protesta pola aparición dunha obra do portugués Frei Bernaldo de Brito onde se cultiva o tóxico do escarnio de Galiza do que lles falabamos. Temos pois dous condes galegos dezasetescos, Lemos e Gondomar, que se negan a asumir a corrente desconsideración da súa terra, da súa

língua e dos seus paisanos. O mesmo fará, xa no século XVIII, o Padre Sarmiento, de quen bastará lembrar o conto do galego que emigrara a Castela e esquecera o que era o *angazo*: “Mandóle su madre que pusiese el pié en la extremidad arriba dicha. Apenas le puso, cuando el mango, vindicando su propio y nativo nombre, se elevó y le dio en la frente una feroz testerada. Al punto dijo el mozo olvidadizo, *jai, miña nai, ô angazo!*”; con isto conclúe o frade que habería que repetir este chiste moitas veces en Galiza e en Castela, pois ben lles acaía a quen deixaran esquecer o seu idioma nativo ou mesmo fixeran por esquecelo.

Añón (desterrado, exiliado ou emigrante) non só non esquece a lingua senón que tamén será un dos grandes apoloxistas da maltratada Galiza: “Vin de Lisia a encantada riveira,/ As riquísimas veigas d’a Galia,/ Os jardins d’a magnífica Italia.../ Como o noso bó chan, nada vin.”, escribe no poema “O RECORDO. A Galicia”, datado en 1857 (segundo Álvarez Blázquez escrito o 17 de febreiro; Bel Ortega recolle a data que figura na edición de Martínez Salazar, “Febrero, 18 de 1857”, que sería o mesmo día no que escribe “A LISBOA”: asinado en “Madrid, 18 de febrero de 1857”, co cal sabemos que nesa data o poeta xa está nesa cidade española), no que testemuña o seu paso por Portugal (Lisia: Lisboa, segundo nota da Edición de M. S.), Francia e Italia. Todo parece indicar que despois de coñecer estes tres países, e antes de ir para Madrid, viviu en Sevilla, cidade na que podemos constatar con seguridade a súa

presenza polo menos nos anos 1853 e 1854, dedicándose sobre todo a impartir leccións particulares de francés e italiano. Bel Ortega referiuse ao influxo da variedade lingüística andaluza que se pode rastrexar nos poemas “El Portugués en Sevilla” e “A UNA GALLEGA RENEGADA”. Deste último e mais daquel insulto tan político, quitamos a idea desta serie de artigos. Está datado en “La Coruña, 17 de Febrero de 1869”. Publicouna Martínez Salazar na súa edición das poesías de Añón. Preséntasenos nel un relato cómico que indirectamente pretende a apoloxía de Galiza, que aparece aquí inserida por designio divino, coas outras “provincias”, na non menos grandiosa “nación” española: “Cando Dios fijo este mundo,/ Dis que empezou po-l’a España,/ E as provincias con maña/ Foy pondo en orden profundo./ —Este pais sin segundo/ Eu encherey de portentos...”.

Antona, que non quere ser galega, senón andaluza, tal como lle fai saber a Deus no diálogo que manteñen. O todopoderoso dirixese entón ás “Provincias d’Andalucía,/ Terra de sal e sandunga” a fin de que acollan a “esta pobre tola” e “sapo cuncho”, mais os sevillanos protestan e queren “Que ze vaya á los gitanos”, pero tampouco estes a queren. O poema conclúe cos seguintes versos: “Dios, véndose en tal extremo,/ Gritou: ¿No hay que a queira?/ Responde a nacion enteira:/ —¡Que cargue con ela o demo!...”.

Outro texto añoniano de ambientación similar é “El Portugues en Sevilla”, posterior a 1872, no que se desenvolve un diálogo cómico-

grotesco ao pé da Xiralda entre un viaxeiro portugués e unha xitana andaluza. Ademais do efecto risible que crea a disparatada conversa, en español de Andalucía ela e en portugués el, engádesa a contraposición que se nos presenta dos personaxes: unha sevillana fresca, airosa, pilla e burlona fronte un portugués presumido, namoradizo, fatuo e supersticioso. Esta composición é boa mostra da sátira antinacional añoniana: con ela non pretende un ton despiadado, senón cómico, aínda que non evite botar man dos desafortunados tópicos que frecuentemente se usan para caracterizar de xeito xeral as nacionalidades que el coñeceu. A Añón podemos desculparlle estas arroutadas, pois no 2012 celebraremos os douscentos anos do seu nacemento; é home doutra época. Outra cousa é que deamos a esquecemento as inxurias actuais, e máis cando veñen de xente que nin sequera sabe ser politicamente correcta.



Novos Artistas

Título:

Triste deserto sen flores

Autoría:

Irene Miranda Outón

Este collage foi galardoado co 1º premio na categoría de 1º ciclo de Educación Secundaria no certame convocado polo concello de Outes xunto coa Asociación Terra de Outes en abril de 2008, para conmemorar o 130 aniversario da morte do poeta Añón.

Asúa autora, Irene Miranda, cursaba entón 1º curso da ESO no Instituto Poeta Añón de Outes.

